



Xornada

MULLERES E VULNERABILIDADE SOCIAL

Reflexións desde as discriminacións interseccionais

Consello da Cultura Galega, 7 de outubro de 2025



Valedora
do Pobo
Galicia



A discriminación non se manifesta illadamente. Moitas mulleres afrontan barreiras derivadas de múltiples factores que, combinados co xénero, multiplican os obstáculos para exercer os seus dereitos. A **perspectiva interseccional** analiza como os eixes de desigualdade (entre eles o xénero, a raza, a clase, a orientación sexual ou a discapacidade) se entrelazan e xeran formas únicas de vulnerabilidade que non poden entenderse illando cada factor.

As **mulleres migrantes** sofren a miúdo precariedade laboral, segregación ocupacional e dificultades para acceder á vivenda, á saúde ou á regularización administrativa. As **mulleres xitanas** non só se enfrontan aos estereotipos de xénero, senón tamén ao antixitanismo, o que condiciona o seu acceso á educación, ao emprego e á participación social. As **mulleres con discapacidade** afrontan barreiras físicas e comunicativas, agravadas por actitudes capacitistas que limitan a súa autonomía e as expoñen a maiores riscos de violencia.

A xornada, organizada pola Valedora do Pobo e o Consello da Cultura Galega, busca, a través de tres mesas redondas, darlles voz a mulleres que viven estas discriminacións. Non se trata só de **visibilizar as desigualdades**, senón tamén de comprender os **mecanismos que as sosteñen** e promover espazos de diálogo que impulsen cambios estruturais cara a unha sociedade máis inclusiva.



Valedora
do Pobo
Galicia



Programa

10–10.15 h **Presentación**

María Dolores Fernández Galiño, valedora do pobo

Elena Vázquez Cendón, secretaria do Consello da Cultura Galega

10.15–11.15 h **Mulleres migrantes**

Modera: Carme Adán, directora do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do Consello da Cultura Galega

Zinthia Álvarez Palomino, xornalista, escritora, investigadora social e impulsora do proxecto *Mujeres negras que cambiaron el mundo*

Gabriela L. Frias Goytia, psicóloga especializada en migracións e coordinadora do Centro de Estudios sobre la Migración, la Discriminación y el Racismo Institucional e da Plataforma Homologantes Bolivianxs en España

11.30–12.15 h **Mulleres xitanas**

Modera: Alice Iriondo, bolseira da Valedora do Pobo

Zaida Jiménez Jiménez, técnica de igualdade da Fundación Secretariado Gitano en Vigo

12.30–13.15 h **Mulleres con discapacidade**

Modera: María Méndez, presidenta da Asociación de Periodistas de Galicia

Carolina Hervés González, bolseira da Valedora do Pobo e técnica en Educación Infantil

Laura Ramallo Sánchez, técnica en Xestión Administrativa e antiga bolseira da Valedora do Pobo

Rocío Sánchez Botana, mestra especialista en Educación Infantil e en Audición e Linguaxe e antiga bolseira da Valedora do Pobo

13.15–13.30 h **Peche**



Organizan

Valedora do Pobo
Consello da Cultura Galega

Data

Martes, 7 de outubro de 2025

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202

Máis información

www.valedordopobo.gal
comunicacion@valedordopobo.gal

- **Deseño e maquetación.** María Maneiro Maneiro
- Imaxe da portada. Obra derivada a partir de: Éla Iványi-Grünwald, Gypsies at Balatonelle (1935), óleo sobre lenzo, dominio público, [Wikimedia Commons](#); Brian Rdzak-Martin, AXIS Dance Company (2008), fotografía, dominio público, [Wikimedia Commons](#); Yuliana Cha, Immigrants Mural (2015), mural, licenza [CC BY-SA 4.0 International](#), [Wikimedia Commons](#). A obra derivada está suxeita á licenza [CC BY-SA 4.0 International](#).

